



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA, NOMEAMENTO DE COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE DOUS/DÚAS PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E DE CAZA- PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO- RURAL ACTIVO 2026

Resultando que con data 21/04/2026 este concello recibiu Resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na que se concede a este concello unha subvención para a contratación por un periodo de 9 meses a xornada completa de dous peóns forestais e de caza sinalando como data límite para a contratación o 01 de xullo de 2026 ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural, Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOG núm. 24, do 05 de febreiro)

Resultando que o artigo 14.1 e 4 da Orde de convocatoria, establece que os traballadores/as que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/as que se otorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Debe presentarse oferta de emprego na oficina pública de emprego sen que esta conteña elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no referido artigo. Os candidatos presentados pola oficina de emprego deberán cumprir unha serie de requisitos.

Entre os candidatos remitidos pola Oficina de Emprego de Ferrol-Esteiro, compre facer unha selección para acreditar o cumprimento dos principios de mérito, capacidade e igualdade establecidos na Constitución e no artigo 55 do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 7/2007.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Entre os candidatos proporcionados polo Servizo Público de Emprego aplicaranse os seguintes criterios de selección:

1. Unha proba de carácter práctico de contido relacionado coas función propias do posto a desenvolver. A duración máxima da proba será de 10 minutos e se valorará cun máximo de 8 puntos.
2. Unha entrevista que se valorará cun máximo de 2 puntos e onde se terán en conta os seguintes aspectos:
 - a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos o de explotación sexual: 0,182 puntos
 - b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 0,182 puntos
 - c) Persoas paradas de longa duración: 0,182 puntos
 - d) Persoas con discapacidade: 0,182 puntos
 - e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 0,182 puntos
 - f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 0,182 puntos
 - g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 0,182 puntos



- h) Menor nivel de protección por desempleo e existencia de responsabilidades familiares (ter ao seu cargo ao cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento: 0,182 puntos
- i) Personar desemepladas que participaran en talleres de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego o accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas trabadoras desemepladas (AFD), relacionadas con el ámbito forestal, conservación e mejora de montes, silvicultura, agricultura, ganadería e jardinería: 0,182 puntos
- j) Persoas trans: 0,182 puntos
- k) Personar emigrantes retornadas o persoas extranxeras con autorización o permiso de residencia e traballo en España: 0,182 puntos

Segundo.- A comisión seleccionadora estará formada por:

PRESIDENTA:

Beatriz Brozos Mera

VOGAIS:

Bernardo Pérez Fernández

Roberto Aneiros Cal

M^a del Carmen Menéndez Ares

SECRETARIO:

Montserrat Pérez Garrote

PERSOAL COLABORADOR

M^a Ángeles Rodríguez Martínez

Terceiro.- Convocar para o próximo LUNS, día 18 de maio de 2026, ás 09:30 horas aos membros da comisión seleccionadora nomeados nesta resolución para o desenvolvemento do proceso selectivo e ás 10:00 horas aos candidatos.

Cuarto.- Realizar chamamento telefónico e enviar correo electrónico para convocar, na data e hora sinalados no punto anterior, aos candidatos remitidos pola oficina de emprego de Ferrol-Esteiro para a realización da proba práctica e, a continuación a entrevista na Casa do Concello sito no Rúa Real nº 15 (Cedeira).

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI e bolígrafo.

Quinto.- Dar traslado da presente Resolución aos membros do Tribunal.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, María del Mar Antón Brage, como Secretaria Accidental, dou fe